



CONSIDERACIÓNS SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA 2008

PRESENTACIÓN DA MEMORIA DO CES

29 de xullo de 2009

Nun contexto de crise xeralizada, 2008 foi un mal ano para a economía galega. Os datos amosan unha preocupante perda de dinamismo da economía e un rápido traslado desa atonía ao mercado laboral. No último ano, o mercado de traballo galego presenta un elevado incremento do desemprego e unha forte minoración da medra da ocupación.

Como cada ano, o Consello Económico e Social elaborou a súa ***Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2008***. Como vostedes coñecen, o CES é un órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia socioeconómica e nel están representados os sindicatos (Grupo I), as organizacións empresariais (Grupo II) e outras entidades e organizacións da sociedade civil, dos consumidores ás Universidades galegas. O Pleno ven de aprobar este documento na súa sesión 2/09, do 15 de xullo, cun adianto de varios meses sobre a data de aprobación de anos pasados. Neste caso, o CES asumiu o reto de ter rematados os traballos de elaboración da Memoria no primeiro semestre do ano. Outro cambio respecto a anteriores memorias ten que ver cunha reorganización dos seus contidos, nun índice que modificou a súa estrutura para a súa mellor comprensión.

Coa dita modificación, a Memoria pasou de ter catro grandes capítulos en 2007 aos cinco bloques que conforman a actual. Salienta o protagonismo que acadou agora o capítulo 3.- *Dinamismo do tecido produtivo*, que inclúe os apartados sobre Demografía empresarial, sectores produtivos e o sector exterior, mentres que os datos relativos ao Emprego e relacións laborais teñen tamén o seu propio capítulo.

Esta Memoria 2008 conta con preto de 50 *Consideracións* referidas aos diferentes apartado que a conforman, consideracións que foron aportadas polas distintas organizacións, entidades e asociacións representadas no Consello e aprobadas por unanimidade dos seus membros. Nesta presentación voume referir a algunhas delas.

No capítulo 1 analízase o **Panorama económico**. O primeiro que destaca é que, nun contexto internacional de crise xeralizada, Galicia presenta unha rápida desaceleración do seu ritmo de crecemento económico. Se en 2007 a nosa economía medrou unha media do 4%, no ano 2008 a taxa media de variación interanual foi do 1,8%. Cabe indicar que a evolución rexistrada en Galicia foi mellor que a do conxunto do Estado en 0,6 puntos porcentuais.

Destácase tamén que, desde o punto de vista da oferta, todos os sectores agás os servizos presentan unha caída da súa actividade productiva. Os sectores enerxético e industrial rexistraron o maior impacto da crise, con caídas do 2,1% e do 1,6%, respectivamente.

A demanda interna deixa de ser, tanto en Galicia como en España, o motor de crecemento da economía. En Galicia minorou a súa contribución ao PIB agregado en 4,5 puntos respecto ao estimado no ano anterior. Pola contra, a achega do sector exterior é dun punto e presenta valores positivos ao longo de todo o ano. En 2008 as exportacións descenderon un 0,5%, mentres que as importacións de bens e servizos o fixeron nun 1,6%.

No referente ao capítulo 2.- **Emprego e relacións laborais**, son preocupantes os datos do mercado de traballo galego. En 2008 rexistrouse un aumento do desemprego unido a unha ralentización das altas de afiliación á Seguridade Social e da poboación ocupada. É significativa a ralentización do crecemento nos catro últimos meses de 2008, co maior descenso en decembro. Nesa data contabilizábanse 31.000 persoas menos en alta laboral afiliadas á Seguridade Social que no mesmo mes do ano anterior.

Durante o ano 2008 agudízase o deterioro das taxas de ocupación e desemprego iniciado no segundo semestre de 2007. O impacto da crise económica tivo maior efecto en sectores historicamente masculinizados, o que tivo como consecuencia un descenso da ocupación dos homes e un incremento da ocupación feminina que, en termos netos, é na súa totalidade a tempo parcial.

A taxa de variación interanual da poboación ocupada en Galicia en 2008 foi do 0,6%, mentres que a do conxunto do Estado se situou no -0,5%. Por sectores, esas taxas negativas danse no sector primario, na industria e na construción, fronte ao sector servizos, que presenta un 4,2% máis de ocupación media respecto ao ano anterior.

A desaceleración económica incide en maior medida na construción, onde as taxas de crecemento da poboación ocupada son negativas en tres dos catro trimestres do ano. No cuarto trimestre a taxa negativa interanual acadaba o 19,9%, cunha evolución similar a do sector no conxunto de España.

Ao igual que ocorre no conxunto do Estado, o ano 2008 presenta un descenso no número de ocupados españois e unha medra da ocupación entre os traballadores de nacionalidade estranxeira.

Polo que se refire ao capítulo **3.- Dinamismo do tecido produtivo**, considérase preocupante a caída no número de sociedades constituídas en Galicia por cada 10.000 habitantes así como a medra do índice de rotación empresarial. A primeira ratio é inferior á media estatal (19 sociedades por 22 de media en España), mentres que o número de empresas disoltas por cada 100 sociedades constituídas foi máis elevado en Galicia (19 fronte ás 16 no conxunto do Estado).

As dificultades do sector produtivo galego reflíctense na contracción do valor engadido bruto (VEB) xerado polas actividades do sector primario, industrial e construción, así como na desaceleración do ritmo de crecemento dos servizos.

Cómpre tamén sinalar que, se temos en conta a importancia da información recollida no *Anuario de Estadística Agraria*, considérase necesario un esforzo na actualización dos datos das macromagnitudes agrarias, debido ao desfase temporal existente na actualidade. O sector primario experimentou nos últimos anos unha redución importante das súas rendas debido a unha caída dos prezos en orixe das materias primas e ao incremento dos custos de produción.

No caso do **subsector lácteo**, o importante esforzo modernizador, cun forte incremento do investimento, permitiu unha medra na produción de leite. Debe salientarse a circunstancia extremadamente grave de que no ano 2008, por primeira vez na historia do sector, rexistráronse atrancos de recollida do leite que trouxeron como consecuencia importantes perdas e fortes tensións, que se agravan coa redución do prezo do produto en orixe. A isto engádeselle o forte incremento das importacións: como exemplo a ter en conta, as importacións de leite de Francia medraron, no primeiro semestre de 2008, por riba do 200%, segundo datos da Axencia Tributaria.

No sector da automoción, despois das cifras record acadadas en 2007, destacan os malos datos de 2008, cunha caída do 13,5% no emprego e de case o 10% na súa facturación. O descenso no número de matriculacións superou o 28% respecto ao ano precedente.

A caída do VEB da construción en Galicia foi máis suave que no conxunto do Estado por mor do maior peso da licitación pública. Os datos de vivenda reflícten unha importante baixada no número de vivendas iniciadas e unha diminución dos visados de dirección de obra.

Tamén, a malia o incremento do VEB xerado polo conxunto de actividades do sector servizos, cómpre salientar a caída do índice xeral de comercio minorista, do índice de ocupación e do transporte de mercadorías.

Polo que se refire ao sector exterior, o déficit comercial galego volveu experimentar un déficit en 2008 motivado polo comportamento das relacións comerciais

co resto do Estado, que presenta unha medra do seu saldo negativo. Sen embargo, é positivo o saldo da balanza comercial con terceiros países.

En relación co capítulo **4.- Calidade de vida e benestar social**, a Comisión destaca o novo incremento que se produce no ano 2008 no número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación económica, que en gran medida explícase pola medra de perceptores de prestacións por desemprego.

O número de pensións contributivas increméntanse lixeiramente (0,9% máis que no ano anterior) e Galicia ocupa o quinto posto entre as comunidades españolas, pero o diferencial entre o importe medio galego e o estatal volve a incrementarse en 2008: un diferencial negativo de máis de 120 euros que fai que Galicia se manteña no último lugar en canto ao importe medio das pensión contributivas.

No eido das pensións non contributivas, en 2008 descendeu o número de beneficiarios tanto en Galicia como no conxunto do Estado e a nosa comunidade segue a ser a terceira neste tipo de prestacións, tras Andalucía e Cataluña.

A maior variación rexístrase nas prestacións por desemprego, que pasan dos 84.000 beneficiarios a 31 de decembro de 2007 aos 116.500 dun ano despois. É significativo que o ritmo de crecemento de beneficiarios destas prestacións é menor en Galicia que no conxunto do Estado: 38,8% e 50,7%, respectivamente.

Incídese nesta Memoria sobre a necesidade de controlar dun xeito máis eficiente e eficaz o gasto farmacéutico o avógase por que se consiga unha redución das listas de espera na sanidade.

O gasto farmacéutico galego medrou un 8,4%, porcentaxe que resulta do incremento do 13,7% rexistrado en hospitais e do aumento do 6,9% correspondente á receita médica oficial.

Polo que se refire a garderías, o incremento no número de prazas rexistrado en 2008 considérase positivo, aínda que insuficiente. Asímesmo, destácase o incremento do número de alumnos no ensino primario, con 1.484 nenos e nenas máis nas aulas que no curso anterior. Deles, a metade non teñen a nacionalidade española. Tamén considérase positivo a redución da porcentaxe de abandono educativo, que coloca a Galicia como a cuarta comunidade autónoma cun índice menor. No ensino universitario, continúa en 2008 o descenso no número de alumnos matriculados nas tres universidades galegas. Destaca a caída en Vigo, cun 8,1% menos matrículas que no curso anterior.

O último capítulo da Memoria 2008 está adicado ao **Desenvolvemento rexional**. O primeiro que se pon de manifesto é a dificultade para coñecer e seguir a execución das obras en infraestruturas e se reclama unha maior e máis transparente información sobre esta materia. Neste mesmo senso, cómpre salientar a falla de información sobre a execución do orzamento estatal e autonómico no momento do peche deste estudo.

O investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia dirixido a actuacións ferroviarias acada os 215 millóns de euros e a firma dun convenio con Adif para administración de infraestruturas con obrigas recoñecidas de 66 millóns de euros. Pola súa banda, Renfe investiu en Galicia 207,5 miles de euros (o 0,2% do investimento total asignado ás diferentes comunidades autónomas), un 66% menos que no ano anterior.

A 31 de decembro de 2008 a meirande parte do AVE en Galicia atopábase en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.236 km). Tan só 3,8 km do corredor Olmedo–Zamora–Ourense estaban en servizo e 71,3 km do Eixo Atlántico estaban tamén operativos, pero a velocidade de 160 km/h.

O CES destaca a importante demora que as obras do tren de alta velocidade teñen en Galicia. No tramo entre a fronteira portuguesa e O Porriño, este retraso acada os sete anos, xa que a 31 de decembro de 2008 estaba pendente de licitación o estudo informativo.

En relación ás actividades de investigación e desenvolvemento (I+D), o gasto interno nas mesmas incrementouse un 23,6% respecto ao ano anterior, o que significou unha redución do diferencial do esforzo investidor de Galicia respecto á media estatal. No ano 2008, Galicia adicou o 1,03% do seu PIB a actividades de I+D (0,89% no ano anterior), mentres a media estatal foi do 1,27% do PIB (1,20% en 2007).

Tamén se considera positivo o incremento de 15 a 17 proxectos aprobados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial en 2008, aínda que Galicia segue a ser a quinta comunidade autónoma con menos proxectos aprobados.

Para rematar este repaso, considérase aconsellable realizar unha aposta firme polo sector da alta e media-alta tecnoloxía que, malia a desfavorable coxuntura económica, experimenta unha medra no volume de persoas empregadas e na xeración de valor engadido bruto.